



Concello de
Ponte Caldelas

NORMAS DE UTILIZACIÓN PROGRAMA PC WiFi. ACCESO Á INTERNET NOS CENTROS CULTURAIIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Os novos hábitos da cidadanía así como os novos servizos que se están a poñer en marcha por parte das distintas administracións e empresas, esixen cada día máis o poder contar cunha conexión a Internet que posibilite o acceso ós mesmos.

Atendendo a estas necesidades, o Concello de Ponte Caldelas quere apostar pola introdución nos Centros Culturais de sistemas de acceso wifi para poder acceder a Internet, aproveitando para elo a rede Wimax implantada en colaboración coa Deputación provincial dentro do programa Repoblar.

ARTIGO 1.- FINALIDADE DAS NORMAS.

As presentes condicións de uso dos servizos de acceso wifi dentro do programa "PCWiFi" teñen como finalidade regular a súa utilización e determinar as condicións de acceso ós contidos e servizos que, a través de internet, se poñen a disposición do usuario.

ARTIGO 2.- USUARIOS.

Poderán ter acceso á rede "PCWiFi" os usuarios/as maiores de idade que figuren como alta no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Ponte Caldelas.

A condición de usuario implica obrigatoriedade a aceptación sen reservas de ningunha clase, de todos e cada un dos términos contidos nas presentes Normas así como o respecto das distintas disposicións, leis, regulamentos e normas que sexan de aplicación.

Os menores de idade poderán acceder e usa-la rede wifi coa autorización obrigatoria dos seus pais e/ou representantes legais empregando o usuario e contrasinal que deberán de posuír estes. O Concello de Ponte Caldelas considera que no caso de producirse un acceso ou utilización por un menor, este conta coa correspondente autorización dos seus pais e/ou representante legal.

Serán os pais, tutores ou representantes legais dos menores os responsables do uso que aqueles fapan deste servizo, tendo en conta que esta rede wifi facilita un acceso libre e transparente a internet, o cal permite o acceso a contidos ou servizos que poden non ser apropiados ou que poden estar prohibidos para os menores.

Os usuarios perderán a condición de usuarios no momento en que incumplan os requisitos para poder ter acceso ó programa.

ARTIGO 3.- OBRIGAS DOS USUARIOS.

Os usuarios deberán de empregar-lo acceso wifi de forma dilixente e correcta e comprométense a non utilizalo para a realización de actividades contrarias á Lei, á moral, ás boas costumes aceptadas e/ou con fins ou efectos ilícitos, prohibidos ou lesivos de dereitos e intereses a terceiros. O Concello de Ponte Caldelas no se fará responsable do incumprimento desta obriga polos usuarios.

Os usuarios deberán asimismo absterse de calquera tipo de alteración ou manipulación dos equipos instalados nos puntos de acceso, propiedade do Concello de Ponte Caldelas. Asimismo deberán de respectar o mobiliario e demais elementos existentes nos diferentes puntos de acceso.

ARTIGO 4.- ALTAS DE USUARIOS.

Para empregar-lo servizo de acceso a internet a través de "PCWiFi" os interesados deberán de cumprimenta-lo correspondente formulario de alta do servizo presencialmente antes as oficinas do Concello, aportando documento de identidade. Unha vez efectuado este trámite seralle facilitado un usuario e contrasinal válido para o acceso no Centro Cultural correspondente.

Os datos proporcionados polos peticionarios de alta no servizo serán tratados polo Concello de conformidade cos termos da política de protección de datos persoais.

ARTIGO 5.- OBRIGADOS Ó PAGO.

O acceso á Internet dentro do programa "PCWiFi" terá carácter totalmente grauíto.

ARTIGO 6.- PRAZO DE INSCRICIÓN NO SERVIZO.

O prazo de inscrición estará aberto durante todo o ano.

ARTIGO 7.- PUNTOS DE ACCESO.

Inicialmente durante o ano 2011 establécense os seguintes puntos de acceso: Centro Cultural de Ponte Caldelas, Casa do Pobo de Insua, Centro Cultural Alborada de Caritel, Casa do Pobo de Cuñas, Casa do Pobo de Buchabad e Casa do Pobo de Mustáns.

Durante os anos vindeiros irase ampliando o número de puntos de acceso.

NORMAS APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 4 DE NOVEMBRO DE 2011.